



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 3 DE
SETEMBRO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día tres de setembro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Santiago Manuel Rios Rama.

Intervén como secretaria accidental da Corporación dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de agosto de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27 de agosto de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Decreto 174/2012, do 27 de agosto da Presidencia da Xunta de Galicia, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións. (Diario Oficial de Galicia número 163, de 28 de agosto de 2012).

- Decreto 176/2012, do 27 de agosto, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2012. (Diario Oficial de Galicia número 163, de 28 de agosto de 2012).

- Acordo do 28 de agosto de 2012, da Comisión Permanente do Consejo General del Poder Judicial, polo que, en relación coas eleccións ao Parlamento da Comunidade Autónoma de Galicia, se designan os vocais de procedencia xudicial das Xuntas Electorais Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. (Boletín Oficial do Estado número 208, de 30 de agosto de 2012).

- Orde do 28 de agosto de 2012, da Consellería de Facenda, pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 21 de outubro de 2012. (Diario Oficial de Galicia número 166, de 31 de agosto de 2012).

- Corrección de erros. Decreto 176/2012, do 27 de agosto, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2012. (Diario Oficial de Galicia número 166, de 31 de agosto de 2012).

- Decreto 177/2012, do 30 de agosto, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se fixan as gratificacións e indemnizacións que percibirán os membros da Administración electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os xuíces de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais, así como o persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia, con motivo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2012. (Diario Oficial de Galicia número 166, de 31 de agosto de 2012).

- Anuncio do Instituto Nacional de Estadística da delegación provincial da Coruña, Oficina Censo Electoral, polo que se fai público a relación de seccións, mesas e locais electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia 2012. (Boletín Oficial da Provincia número 167, de data do día 3 de setembro de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo



Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que o pasado domingo, día 2 de setembro, a feira que tivo lugar no recinto provisional se desenvolveu con toda normalidade. Engade que falou cos feirantes para saber se tiñan queixas ao respecto.

Tamén informa que xa se solicitou ao departamento de Intervención para que preparen as instrucións correspondentes á elaboración do orzamento municipal do 2013.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que respecto da obra da rúa Pígara falta por facer un talude pola parte de atrás para que se remate con ela. Don Manuel Marante Gómez sinala que o talude xa está feito e que poida que aínda non se lle comunicara ao departamento de Contratación.

A continuación, don Felipe Andreu Barallobre sinálalle a don Manuel Marante Gómez que se debe requirir á empresa Camina para que presente o plan de seguridade e saúde, o programa de traballo e o plan de residuos para poder comezar a obra da “marquesiña da parada do bus na rúa Francisco Rodríguez”.

Para rematar, don Felipe Andreu Barallobre informa que, respecto da obra de acondicionamento da Casa da Cultura, hai que solicitar autorización a Fomento.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa respecto da obra “cubrición da pista polideportivo do CEIP de Portofaro” e comenta que a súa realización vai a bo ritmo e que se pensa que estea rematada cando se inicie o curso escolar.

Tamén informa que as obras correspondentes a “Rehabilitación e restauración do edificio destinado a equipamentos sociais: Casa da Cultura” seguen o cronograma establecido.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que remataron os traballos de roza en todo o termo municipal.

Tamén informa en canto á orde de suprimir os aseos químicos debido as obras do campo da feira, que se presentaron queixas e os citados aseos químicos se recolocaron.

Don Manuel Marante Gómez informa respecto da solicitude do CEIP do Portofaro para cortar as árbores que lles afectan e informa que efectuará unha visita de comprobación.

Para finalizar, don Manuel Marante Gómez informa que solicitará un informe técnico para coñecer que se pode facer para mellorar e acondicionar a fonte de “Enrique Piñeiro”, en Cambre.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que se remataron as reformas dos colexios, en canto ao mantemento e acondicionamento, entre elas o de Santa Maria de Vigo. Engade que o investimento ascendeu a 40.000 euros. Queda pendente o aparcadoiro do colexio do Graxal, que comezará antes do mes de outubro.

A continuación, dona Maria Jesús González Roel informa que comezaron coa actuación na área de prevención e tratamento da violencia de xénero e lle darán un enfoque positivo porque, engade das actividades desenvoltas nos CEIP e nos IES se observou que entre a mocidade hai a idea de que a muller debe ser débil para ser atractiva.

O enfoque positivo daráselle a través das mulleres que participaron nas Olimpíadas 2012, como por exemplo o caso de Sofia Toro Prieto-Puga.

Dona Maria Jesús González Roel informa que recibiron dous palés de alimentos do “Banco de alimentos Rías Altas”.

Para rematar, dona Maria Jesús González Roel informa que hoxe pola tarde haberá unha reunión para explicar aos pais cuxos fillos comezan o curso escolar para explicarlles como funciona o programa “Mañanceiro”, de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP de Cambre

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad


A secretaria accidental

Verónica María Otero López
